



ESTRATEGIA ALIMENTARIA  
DA BIOREXIÓN DO RÍO EO  
**2022-2026**



■ RESUMO .....	3
■ PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN .....	4
■ Por que unha estratexia participativa? .....	5-6
■ Obxectivo .....	6
■ Quen forma parte e de que xeito neste proceso? .....	6-7
■ Principios xerais da estratexia .....	8-9
■ O PUNTO DE PARTIDA: COMO SE ALIMENTA O TERRITORIO DO EO?.....	10
■ A fenda alimentar no Eo, datos para o reequilíbrio .....	12
■ Problemáticas na zona de acordo á segmentación e funcións da cadea de valor .....	13-14
■ Análise FAFO do sistema agroalimentario territorial dende unha perspectiva de alimentación sostible e saudable .....	15
■ Percepción social sobre a alimentación .....	16-17
■ ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS .....	18-19
■ Ámbito de actuación 1. Fomento da produción agrocolóxica .....	20-25
■ Ámbito de actuación 2. Consumo de proximidade .....	26-29
■ Ámbito de actuación 3. Cultura da alimentación saudable e sustentable .....	30-32
■ Ámbito de actuación 4. Gobernanza participativa .....	33-35
■ CALENDARIZACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....	36-41
■ BIBLIOGRAFÍA .....	42
■ LISTADO DE ENTIDADES E PERSOAS PARTICIPANTES NOS ESPAZOS DE DELIBERACIÓN E TOMA DE DECISIÓNS .....	43

A Estratexia Alimentaria Participativa Eo Alimenta é un proceso de traballo levado a cabo entre múltiples axentes e persoas vinculadas ao sector agroalimentario na biorexión do río Eo, territorio que abrangue a extensión dos municipios de Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada en Galicia e Castropol, San Tirso de Abres, Tapia de Casariego, Taramundi e Vegadeo en Asturias. O obxectivo deste proceso é o de deseñar unha serie de medidas que contribúan a alcanzar un sistema alimentario sustentable para o territorio, saudable para as persoas e digno para os proxectos produtivos locais que fan posible que nos alimentemos. Con este obxectivo, Eo Alimenta comezou a súa andaina a mediados do ano 2021, e alcanza o seu primeiro fito coa aprobación desta estratexia alimentaria, rematada no mes de marzo de 2022. A Estratexia Alimentaria Eo Alimenta é unha experiencia pioneira a nivel estatal, xa que se trata da primeira das súas características elaborada participativamente entre axentes e poboación de dúas comunidades autónomas.

Durante os meses de traballo adicados a elaborar o documento que aquí se presenta, os diferentes axentes participantes elaboraron unha serie de diagnoses e reflexións en torno ás principais problemáticas, fortalezas, feblezas, oportunidades e ameazas presentes no territorio de cara á construción dun sistema alimentario xusto, saudable e sustentable. Ditas diagnoses permitiron contar coa información necesaria para decidir as medidas e accións que se deben levar a cabo no territorio de cara a poder transitar cara outro modelo de alimentación que sexa coherente co contexto actual, no que exista unha conciencia cidadá en torno á importancia de consumir alimentos agroecolóxicos de proximidade e tempada, no que existan incentivos e estímulos para os pequenos proxectos produtivos, no que poidamos contar cun comercio local vivo e, en definitiva, no que os diferentes axentes que forman parte da sociedade se fagan corresponsables do papel que teñen de cara a poder ter un modelo de alimentación local que contribúa ao desenvolvemento humano e económico do territorio.

Entre as principais accións que establece esta estratexia, atópanse i) medidas dirixidas ao fomento da produción agroecolóxica mediante a incorporación de novas persoas produtoras e mediante a articulación dos proxectos agroecolóxicos produtivos xa existentes no territorio; ii) medidas que poñan en valor os produtos locais e impulsen o consumo de alimentos de proximidade por parte de administracións públicas e cidadanía; iii) medidas que aumenten a conciencia da poboación en torno ás aportacións que a alimentación agroecolóxica a base de produtos locais ten na nosa saúde e no noso territorio; iv) medidas que garantan a voz e a participación de todos os axentes da sociedade implicados no sistema alimentario local.

En definitiva, este proceso representa un paso máis no longo camiño cara a autonomía alimentaria pola que múltiples axentes traballan dende hai décadas. A progresiva despoboación do rural, as limitacións produtivas amosadas pola pandemia que atravesamos e as cada vez máis recurrentes crises de subministros e abastecemento de materias primas, poñen de manifesto a necesidade de apostar pola transformación dos modelos de alimentación das nosas sociedades.



# PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

## POR QUE UNHA ESTRATEXIA PARTICIPATIVA?

O actual sistema alimentario unificou os procesos de produción e distribución, e subalternizou múltiples e diversas formas de facer e pensar en distintos territorios. A desterritorialización dos alimentos provocou unha perda de autonomía: a dependencia do exterior provoca a desaparición, na práctica, tanto do capital social como natural. Fronte a este proceso de agroindustrialización nado nos anos 60, xorden colectivos de persoas consumidoras, pequenos proxectos produtivos, mercados de produtos de proximidade ou cooperativas de distribución que representan unha alternativa a este modelo.

A Estratexia Alimentaria Participativa Eo Alimenta concibe o micro a través do concepto de “bacía alimentar” local. Andrew Zumkehr e Elliot Campell discutiron en O potencial das terras de cultivo locais para satisfacer a demanda de alimentos dos Estados Unidos como as terras agrícolas estadounidenses poderían abastecer ao 90% da demanda de alimentos dos Estados Unidos. Consideraron que a pesar da diminución do potencial das bacías alimentarias, motivada pola presión demográfica e as tendencias agronómicas, estas actuais bacías alimentarias aínda poden satisfacer unha ampla gama de alimentos, tal e como establecen os estándares de aporte calórico dos Estados Unidos. Trátase, pois, de determinar na práctica como a bacía alimentar do río Eo pode contribuír a acadar a autonomía alimentaria. Para iso é clave a interacción entre sociedade, administración e universidade.

Esta proposta baséase nunha estratexia de abaixo arriba deseñada en torno aos eixos de autonomía, participación e acción integral, e reivindica a importancia do proceso e da gobernanza cooperativa. Esta Estratexia Alimentaria busca que a biorexión do río Eo poida articular a produción a pequena escala e/ou agroecolóxica coa extensión de redes e diferentes modelos de comercio local de proximidade.

Á vez, o contexto europeo e estatal permitirá nos próximos anos camiñar cara un modelo de agricultura máis agroecolóxico, e para aproveitar as posibilidades dese cambio é preciso comezar xa a construír alternativas de cambio de maneira endóxena. A crecente preocupación polo despoboamento do mundo rural que se da actualmente no conxunto do estado español, abre unha ventá de oportunidade para incorporar ás políticas públicas a cuestión da desagrarización e o papel que debe xogar a agricultura familiar no coidado do territorio e na loita contra o cambio climático.

A escala europea, o pacto verde europeo e, en concreto, dúas das súas estratexias principais: Estratexia da granxa á mesa para un sistema alimentario, xusto, saudable e respectuoso co medio e Estratexia da UE sobre a biodiversidade deica 2030, sitúan no centro dos debates a necesidade de contar con sistemas agroalimentarios sustentables, que aseguren a provisión de alimentos e un rendemento económico xusto na cadea alimentaria ao mesmo tempo que combaten o cambio climático e reducen o consumo de recursos. Para istoponse o acento na promoción da agricultura ecolóxica, co compromiso de que cara 2030 o 25% da superficie agrícola empregada (S.A.U.) estea certificada. Máis aínda, a estratexia de biodiversidade establece que este cambio debe facerse estendendo as prácticas agroecolóxicas, reducindo o uso

de praguicidas e fertilizantes industriais e recuperando a integración dos compoñentes da paisaxe, elemento central das prácticas agroecolóxicas, de tal maneira que un mínimo do 10% da superficie agraria estea ocupada por elementos paisaxísticos de gran diversidade.

O feito de que tanto Galicia como Asturias se atopen moi lonxe destes obxectivos debe entenderse como unha oportunidade, pero tamén como unha necesidade para avanzar na construción de Sistemas Agroalimentarios Locais de Base Agroecolóxica (SALBA), como propón Eo Alimenta.

## OBXECTIVO

O obxectivo desta estratexia alimentaria é contribuír á transición cara un sistema alimentario máis sustentable no territorio, facilitando así a autosuficiencia e a diversificación dos sistemas alimentarios neste territorio. Eo Alimenta desenvólvese como unha Estratexia Alimentaria Participativa: a participación social fai posible analizar e elaborar as correspondentes propostas para reequilibrar os procesos de demanda alimentaria e autoabastecemento da poboación que habita a bacía da biorrexión do Eo. En definitiva, Eo Alimenta é unha proposta colectiva para tecer un sistema alimentario territorializado que teña en conta as súas xenealoxías e que se basee no saber campesiño e na lóxica dos manexos do territorio.

## QUEN FORMA PARTE E DE QUE XEITO NESTE PROCESO?

O proceso de elaboración participativa da Estratexia Alimentaria Eo Alimenta non xorde da noite á mañá, senón que o seu xermolo débese a todo o traballo e a traxectoria de numerosas persoas e proxectos que dende hai anos apostan neste territorio pola sustentabilidade do sistema alimentario. Algúns dos fitos máis recentes que se poden establecer como xénese deste proceso son a realización dun Mapeo de Ecoloxía de Saberes do Eo no ano 2019, un traballo de campo realizado co obxectivo de coñecer a realidade alimentaria da Comarca do río Eo, co fin de amosar a realidade dos axentes que actúan na comarca. Por outra banda, o profesor Emilio Carral realizou unha aproximación ao tema a través da análise sobre a capacidade produtiva da contorna da Comarca de Ribadeo. Asimesmo, no mes de marzo de 2019, tivo lugar no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias a xornada Pensar unha alimentación máis próxima, na que se reuniron máis de corenta persoas pertencentes a diversos proxectos e institucións e na que se abordou a vontade de lanzar este proceso.

A partir de ahí, o proceso levado a cabo ata chegar ata o presente documento, estruturouse en tres fases diferentes (ver figura 1), nas que se foron combinando diversos espazos, métodos e formatos para incorporar a diversidade de voces (dos ámbitos social, económico e público) presentes no territorio.




Figura 1. Proceso seguido e métodos aplicados para a construción dunha Estratexia Alimentaria para o biorexión do río Eo.

**Fase de diagnose.** Nesta fase inicial, levouse a cabo unha análise de fontes bibliográficas relacionadas con estudos, investigacións e políticas públicas relacionadas co sistema agroalimentario e a realización de diversas entrevistas e enquisas online. Todo isto permitiu obter un diagnóstico co que poder comezar a fase de deliberación e construción da estratexia.

**Fase de deliberación e propostas.** Entre os meses de maio de 2021 e febreiro de 2022, celebráronse diversas mesas de traballo, reunións, actividades públicas e xornadas de traballo nas que se foron traballando e acordando conxuntamente os obxectivos, as problemáticas e as accións que a estratexia alimentaria debía incluír.

**Fase de síntese.** Nesta fase, comprendida entre os meses de febreiro e abril de 2022, leváronse a cabo unha serie de reunións e contactos dirixidos a contrastar a estratexia e incluír as últimas aportacións e modificacións por parte das persoas e axentes participantes na elaboración do documento. Finalmente, celebrouse unha reunión do Comité de Seguemento do proxecto, no que se fixo unha presentación da última versión do borrador da estratexia para proceder á súa aprobación.

## PRINCIPIOS XERAIS DA ESTRATEXIA

Os principios chave inspiradores desta Estratexia Alimentaria Eo Alimenta, definidos colectivamente e enfocados ao contexto territorial local, son os seguintes.

**Colaboración entre axentes produtores.** Promover dinámicas de intercooperación e apoio mutuo entre os diferentes axentes produtores que traballan dende os principios e valores da agroecoloxía e a economía social e solidaria, como estratexia para facilitar a resolución das necesidades dos axentes produtores locais.

**Redes de consumo.** Impulsar a creación de redes, plataformas, organizacións ou cooperativas que dinamicen a organización colectiva do consumo entre a cidadanía e o tecido socioempresarial, actualizando o modelo das históricas cooperativas de consumo e inspirándose nos actuais mercados sociais e cooperativas mixtas existentes en todo o estado español.

**Fortalecemento do capital social.** Defender e dignificar o sector agrario e os oficios das persoas labregas, poñendo en valor os sistemas e recursos produtivos agroalimentarios de cercanía e preservando e actualizando as formas de organización campesiña e os saberes campesiños como elementos clave do mantemento dun rural vivo e digno para a súa poboación.

**Acceso á terra.** Abogar pola protección das terras fértiles do territorio, pola facilitación da accesibilidade á terra daquelas persoas e proxectos con interese en traballala, e pola reversión da dinámica perante a que durante as últimas décadas diminuíron as terras agrícolas en detrimento do territorio destinado a cubertas forestais.

**Concienciación e sensibilización.** Poñer en valor entre o conxunto da sociedade as aportacións da alimentación de cercanía e agroecolóxica a través de diferentes accións que transmitan os beneficios deste tipo de alimentación, incrementen a sensibilización e capacitación da cidadanía en materia de alimentación e sistemas alimentarios e contribúan á corresponsabilidade de todos os axentes da sociedade na creación dun sistema alimentario xusto e sustentable e dunha alimentación consciente.

**Lugares de encontro.** Xerar espazos de encontro entre os diferentes axentes da cadea alimentaria local -persoas produtoras, comercio detallista local, persoas consumidoras, administracións públicas, etc.- que permitan aumentar a confianza mutua, compartir experiencias e boas prácticas, achegarse en maior medida á poboación local, etc.

**Maior consumo local.** Transitar cara unha dieta da poboación local na que predominen os alimentos de orixe vexetal, frescos, de tempada, ecolóxicos e locais e na que diminúa o consumo de produtos ultraprocesados, cárnicos e lácteos procedentes da gandería industrial.



**Adaptación de normativas.** Contribuír ao desenvolvemento e a elaboración de políticas públicas que faciliten a comercialización da alimentación sustentable e de proximidade, así como difundir os avances que se van levando a cabo neste eido.

**Máis canles de comercialización.** Reforzar e dinamizar os mecanismos e canles de distribución e comercialización curtas e explorar a apertura de novas canles de comercialización que permitan chegar a máis público.

**Formación en agroecoloxía.** Diseñar e implementar programas e accións formativas dirixidas a aumentar o coñecemento existente na sociedade en torno á agroecoloxía, a través de formación dirixida á iniciación na actividade agroecolóxica, de actuacións formativas dirixidas a persoas emprendedoras, de asesoramento para a consolidación de proxectos xa existentes e para a transición de proxectos convencionais a proxectos agroecolóxicos, ou de accións formativas dirixidas a persoal técnico de administracións públicas, tecido asociativo e empresarial.

**Perspectiva de xénero.** Incluír, en todas as fases e procesos da construción desta estratexia alimentaria participativa, accións e medidas que teñan en conta a situación de inequidade que sofren, no sistema alimentario, as persoas socializadas como mulleres fronte aos homes, e que contribúan a formular mecanismos para superar ditas fendas e para construír un sistema alimentario que dignifique a vida de todas as mulleres, recoñeza o seu papel no sostemento dos sistemas alimentarios, territoriais e paisaxísticos e contribúa a desfeminizar as tarefas de coidados asociados ao sistema alimentario.



**O PUNTO DE PARTIDA:**  
COMO SE ALIMENTA O TERRITORIO DO EO?

Eo Alimenta comprende os concellos da bacía do río Eo, a saber:

Os concellos galegos de:	Os asturianos de:
<p><b>Ribadeo:</b> 106,2 km<sup>2</sup> / 9.871 hab (2021 INE)</p> <p><b>Trabada:</b> 82,71 km<sup>2</sup> / 1.114 hab (2021 INE)</p> <p><b>Barreiros:</b> 72,42 km<sup>2</sup> / 3.001 hab (2021, INE)</p> <p><b>A Pontenova:</b> 133 km<sup>2</sup> / 2.207 (2021, INE)</p>	<p><b>San Tirso de Abres:</b> 31,41 km<sup>2</sup> / 419 hab (2021, INE)</p> <p><b>Vegadeo:</b> 82,75 km<sup>2</sup> / 3.914 (2021, INE)</p> <p><b>Castropol:</b> 125,77 km<sup>2</sup> / 3.335 hab. (2021, INE)</p> <p><b>Taramundi:</b> 82,16 km<sup>2</sup>/ 592 hab. (2021, INE)</p> <p><b>Tapia de Casariego:</b> 65,99 km<sup>2</sup> /3.683 hab. (2021, INE)</p>



## A FENDA ALIMENTAR NO EO, DATOS PARA O REEQUILÍBRIO

A fenda alimentar é o resultado de comparar a produción de alimentos co seu consumo nun territorio determinado, sexa unha bacía, unha comarca ou un estado. Encádrase dentro do que se entende por análise xeral do desequilibrio entre o abastecemento e a demanda de servizos ecosistémicos, sendo a produción de alimentos un deses servizos. A identificación dos desequilibrios axuda a diminuír as tensións entre a especie humana e o territorio, así como a facilitar o deseño de estratexias baseadas no concepto de desenvolvemento sustentable a nivel local, estatal, etc.

O ideal é que os estudos realizados en torno á fenda alimentar teñan como ámbito de estudo territorios que contén, por unha banda, con límites biofísicos específicos e con fronteiras claras dende o punto de vista económico, ecosistémico e xeográfico, e que representen por outra banda, unidades de intercambio de materia, enerxía e información ben definidas. Neste senso, as bacías fluviais (bacías alimentarias asociadas) son as mellores candidatas, mais calquera outra entidade territorial que sexa do noso interese é válida. A estratexia alimentaria Eo Alimenta fica pois nun ámbito territorial óptimo.

Para estudar a capacidade de autoabastecemento recorreremos á análise da bacía alimentaria do Eo, é dicir, a área bioxeográfica na que os alimentos se producen e consumen. Os estudos realizados ao respecto indican que a fenda alimentaria existente tradúcese nun claro desequilibrio entre as superficies actuais de produción e as necesarias. A fenda alimentaria faise evidente tanto a nivel de bacía como se consideramos os concellos de maneira individual, sendo que nalgún deles non existe nin unha hectárea para determinados cultivos, como por exemplo no caso das leguminosas de gran, cereais de gran ou hortícolas. Nas dúas ribeiras temos un “exceso” de superficie ocupada por prados, pradarías e culturas forraxeiras.

Esta situación de desequilibrio, de fenda alimentaria e baixa sustentabilidade, ten coma orixe o deseño de estruturas e puntos de encontro entre os estados e grupos privados de interese para deseñar un sistema agrario sobre a única perspectiva da produción en quilos, litros e diñeiro, rasgo fundamental da Economía de Escala.

Neste contexto, configúranse políticas e estruturas de poder para xerar valor monetario e humano a través de mecanismos de apropiación a moi pequeno custe do valor global xerado (apropiación do capital natural e do capital social). O proceso facilitado pola combinación de políticas de estado e grupos privados de interese dá lugar a unha produción de regulacións, normativas e políticas agrarias “ad hoc” para favorecer dita xeración de valor natural e valor humano e apropiación a baixo custe. Mais hai outra visión da agricultura: unha agricultura que produza bens útiles para a sociedade, unha agricultura activa, sensata, relacional e viable a pequena escala, en equilibrio co capital natural e que crea capital social. Unha agricultura soberana. Este modelo non é ningún descubrimento: son vellas propostas de comprobado e óptimo funcionamento (FAO, IATP-USA, etc.). Eo Alimenta traballa nesta dirección.

## PROBLEMÁTICAS NA ZONA DE ACORDO Á SEGMENTACIÓN E FUNCIÓNS DA CADEA DE VALOR

### PROBLEMÁTICAS IDENTIFICADAS NA MESA DE TRABALLO SOBRE PRODUCCIÓN

A tendencia ao envellecemento dá lugar a un sector agrario debilitado e desarticulado, no que faltan persoas produtoras.

Déficit de redes compostas por persoas produtoras, debido á crenza xeralizada en torno á dificultade para comunicarse, articularse e coordinarse entre diferentes axentes.

Escasez de recursos e infraestruturas adicados á transformación de alimentos agroecolóxicos a pequena escala, o que redonda nunha oferta de produtos cun forte carácter estacional e con baixo valor engadido.

Atomización dentro do sector alimentario e debilidades das estruturas de coordinación entre os diferentes axentes da cadea de valor alimentaria.

Moito marxe de mellora en relación coa xeración de coñecemento e o desenvolvemento de investigacións e estudos sobre potencialidades e viabilidade de novos cultivos e variedades locais.

Existencia de pouca oferta en materia formativa e de asesoramento vinculadas á agroecoloxía.

### PROBLEMÁTICAS IDENTIFICADAS NA MESA DE TRABALLO SOBRE DISTRIBUCIÓN

Dificultade para establecer un maior achegamento e coñecemento mutuo entre o sector produtor, as persoas consumidoras e o sector da distribución.

Accesibilidade reducida a alimentos locais, ecolóxicos e de tempada: poucos puntos de venda, escasos puntos de abastecemento, etc.

Ausencia dunha planificación consensuada e áxil da produción acorde coa demanda, así como de mecanismos compartidos de distribución.

Necesidade de máis espazos de traballo colectivo pensados para resolver as distintas necesidades dos pequenos proxectos de produción, entre elas as necesidades vinculadas á distribución: ausencia de estratexias e sistemas de transporte colectivo, inexistencia de espazos de venda conxuntos, etc.

Insuficiente valorización do produto local por parte do conxunto da sociedade, debido en parte á ausencia de estratexias de recoñecemento dos produtos de proximidade.

Medre da cuota de mercado das cadeas de distribución globais vinculadas ás grandes superficies, control de prezos de venda ao público por parte das grandes superficies e concentración da capacidade comunicativa por parte das grandes superficies comerciais, o que fai moi complexo competir en prezos e loitar contra a percepción social de que os produtos locais, ecolóxicos e de tempada son máis caros.

Cómpre incentivar a formación e profesionalización dos axentes do sector da distribución en relación ás vantaxes e ao valor da produción agroecolóxica.

## PROBLEMÁTICAS IDENTIFICADAS NA MESA DE TRABAJO SOBRE CONSUMO

Escasa valorización do produto local e pouca sensibilización en torno á importancia do consumo de proximidade.

Confusión en torno aos conceptos de alimentación, alimentación ecolóxica, alimentación saudable, etc. e desinformación en torno a crenzas establecidas sobre a idea de que o produto ecolóxico é máis caro.

Pouca presenza de produtos locais no pequeno comercio.

Progresiva desarticulación do tecido de pequeno comercio.

Os horarios das prazas de abastos, espazos onde máis produto local se vende, non están adaptados ás necesidades de consumo actuais nin tampouco aos hábitos de determinados sectores da poboación que poden apostar por este tipo de consumo.

Cómpre acadar unha maior involucración das administracións públicas na incentivación da demanda de produto local por parte dos comedores colectivos (sector educativo, sector residencial, ámbito sanitario, etc.).

Necesidade de iniciativas que faciliten o coñecemento mutuo entre persoas produtoras e consumidoras a través de experiencias que xeren sensibilización en torno ao valor das pequenas explotacións agrarias e da alimentación local e de calidade.

Vínculos febles entre axentes produtores e axentes comerciais.

Limitada diversidade de variedades de especies locais e pouca sensibilización en torno á alimentación a base de produtos de tempada.

Pouco desenvolvemento da innovación e a creatividade no eido da gastronomía.

## PROBLEMÁTICAS DETECTADAS NA MESA DE TRABAJO SOBRE IMAXINARIOS

Necesidade de impulsar o aprecio por parte da sociedade do traballo vinculado á terra, así como o recoñecemento dos múltiples servizos ecosistémicos que o sector agrario aporta ao conxunto da sociedade: conservación da biodiversidade, manexo agrario, preservación das paisaxes, xestión do territorio, coidado da terra, cultura agraria e culinaria, desenvolvemento de saberes locais, etc.

Explorar novos xeitos de facer atractiva a alimentación local e a agroecoloxía a través de estratexias e accións baseadas en maior medida na experiencia, na práctica e na sensorialidade ca na teoría e nas ideas.

Cómpre resignificar e dignificar os saberes dos nosos maiores, a través da posta en valor de conceptos como “da casa”, “do país” ou “da terra”.

É importante xerar novas narrativas en torno á alimentación de calidade, sa e agroecolóxica, que despracen o actual marco perceptivo no que únicamente se asocia alimentación de calidade con alimentación cara e complicada de conseguir, de xeito que estas novas narrativas permitan aumentar a cultura da alimentación saudable e sustentable e o interese e a demanda por este tipo de alimentación.

Cómpre que o sector produtor poida dar resposta dun xeito permanente á demanda existente.

## Análise FAFO do sistema agroalimentario territorial dende unha perspectiva de alimentación sustentable e saudable

A presente análise presenta as principais conclusións da diagnose realizada na primeira fase deste proceso participativo a partir do estudo de documentos oficiais, do proceso de entrevistas e da celebración de obradoiros deliberativos. Froito deste traballo podemos ter unha caracterización panorámica das principais fortalezas, ameazas, feblezas e oportunidades do sistema agroalimentario da bacía alimentar do río Eo.

### FORTALEZAS

- Territorio con potencial produtivo (solos, clima e biodiversidade, terreos dispoñibles, persoas interesadas).
- Boa ubicación xeográfica (recepción de turismo, cabeceiras de comarca).
- Existencia de certo tecido organizativo en torno ao desenvolvemento agrario (GDR, Reserva da Biosfera, Escola Pedro Murias).
- Boa percepción en torno aos produtos locais (tradición, apegos emocionais, variedades locais de froita e hortaliza).
- Arraigo de espazos de comercialización detallistas como as feiras, os mercados, as tendas de proximidade.
- Existencia de proxectos e iniciativas referenciais no eido do emprendemento produtivo e da transformación.

### OPORTUNIDADES

- Creación dun banco de tempo no territorio.
- Fomento de pequenas tendas.
- Creación dun posto de produtos locais a granel nas prazas de abastos.
- Crecente sensibilización e demanda por parte da cidadanía en relación ao consumo sustentable.
- Desenvolvemento do movemento neorural.
- Fomento do consumo de produtos locais entre o sector privado (restaurantes, etc.).
- Creación dun banco de terras de carácter interautonómico (Asturias, Galicia).
- Coidar do capital social.
- Integración de diferentes colectivos en desvan-taxe social.
- Impulso dun modelo de economía social e local.
- Accións pedagóxicas e publicitarias por parte das administracións locais.
- Potencial para o desenvolvemento da cultura gastronómica (emprego actual de pouca cantidade de produtos locais).
- Potencial de crecemento do consumo local tanto por parte do sector público como do privado (hostalaría, sector residencial, ámbito educativo, etc.), e tamén por parte da cidadanía.

### FEBLEZAS

- Escasa conciencia en torno á importancia de consumir produtos locais e dificultades para comprender o concepto “agroecolóxico”.
- Consecuencias do envellecemento e da perda de poboación: faltan produtoras/es, escasa poboación nova, escasa poboación consumidora.
- Escasa implantación de infraestruturas de transformación e formación.
- Dificultades de acceso a terras e casas e escasa valorización da terra.
- Terras contaminadas e deterioradas.
- Exceso de burocracia, especialmente no relativo ás condicións sanitarias, onde se esixe o mesmo para grandes empresas que para pequenas/os produtoras/es.
- Insuficientes canles de comercialización.
- Baixa profesionalización da actividades agrícola (ausencia de man de obra profesionalizada).
- Baixa cultura asociativa entre a cidadanía e o sector produtor. Falta de redes de colaboración.
- Pouca presenza de estudos de viabilidade sobre novos produtos e de estudos científicos escritos con linguaxe accesible.
- Carencia de estruturas de colaboración entre administracións e coa cidadanía.

### AMEAZAS



- Novas tendencias de consumo impulsadas polos procesos culturais globais (internet, centros de distribución masivos).
- Consecuencias do cambio climático (pragas, enfermidades, condicións pluviométricas, pico do petróleo, devalo enerxético).
- Prexuízos fronte a produción tradicional e os ecosistemas locais.
- Restriccións legais á venda e transformación da produción local.
- Impactos negativos do proceso de eucaliptización e das producións intensivas.
- Impactos negativos do modelo de instauración de eólicos.
- Efectos das políticas europeas, estatais e autonómicas, en consonancia co modelo intensificador, globalizador e de monocultivo.
- Ausencia de asesoramento técnico na produción, transformación e distribución.

## PERCEPCIÓN SOCIAL SOBRE A ALIMENTACIÓN

Durante os últimos meses, varias persoas do grupo motor, levaron a cabo un traballo de deseño e realización dunha serie de enquisas á poboación do territorio vinculada á bacía alimentaria do río Eo, territorio no que se desenvolve este proxecto. O obxectivo de dito estudo foi o de levar a cabo unha análise en relación á percepción social acerca do sistema de alimentación local.


Dito estudo foi realizado durante o mes de xullo de 2021 entre unha mostra reducida de persoas do territorio. Porén, o estudo de percepcións realizado acerca do sistema de alimentación local, ofrece resultados estatisticamente significativos que permiten inferir unha serie de relacións chave á hora de elaborar a estratexia e levar a cabo a implementación das medidas e accións contempladas na estratexia, a saber:

**Lugar de compra e coñecemento de proxectos locais de produción.** Canto maior é o coñecemento de proxectos locais de produción, máis se merca acudindo ao mercado e mercando directamente a ditos proxectos. Pola súa banda, canto menor é o coñecemento de proxectos locais de produción, máis se merca en grandes superficies.




**Acceso a produtos locais e demanda de produto local.** A correlación entre estes dous parámetros indica que as persoas que manifestan ter unha maior dificultade no acceso a produtos locais, son as que máis o demandan cando van mercar, polo que se pode inferir unha demanda non satisfeita.

**Lugar de compra e rasgos máis mirados nun produto.** Cando a compra se realiza no mercado ou directamente a persoas produtoras, aspecto e prezo do produto son os aspectos máis atendidos pola persoa consumidora, mentres que cando a persoa merca nunha gran superficie ou en tendas especializadas, a orixe e a calidade son os factores fundamentais na elección de compra. Esta relación semella indicar que as persoas consumidoras, cando están seguras da orixe e calidade do produto (no mercado ou na compra directa a persoas produtoras), prestan atención prioritaria ao prezo e o aspecto. Pola súa banda, nos lugares de compra onde existe maior diversidade de orixes e calidades (grandes superficies), factores como a orixe e a calidade cobran máis importancia na elección de compra.








**Acceso a produtos locais e demanda de produto local.** A correlación entre estes dous parámetros indica que as persoas que manifestan ter unha maior dificultade no acceso a produtos locais, son as que máis o demandan cando van mercar, polo que se pode inferir unha demanda non satisfeita.



**Identidade, coñecemento de persoas produtoras locais e beneficios percibidos.** As persoas coñecedoras de persoas produtoras locais relacionan os beneficios dos produtos locais coa calidade, a saúde e a promoción do emprego local e identifícanse en maior medida coa unidade territorial comarcal -por diante do concello, a comunidade autónoma e o estado. O estudo sociolóxico levado a cabo e as relacións previamente esbozadas



**O estudo sociolóxico levado a cabo e as relacións previamente esbozadas permiten concluir que:**

O mercado é o principal lugar de compra e é máis visitado canto maior coñecemento dos proxectos produtivos locais existe.

O mercado é o lugar de referencia e confianza en relación aos factores de orixe e calidade dos produtos. No mercado, as persoas consumidoras ollan aspecto e prezo no produto, considerando que orixe e calidade están garantidas. Pola contra, cando as persoas consumidoras visitan as grandes superficies, procuran en primeiro lugar información sobre a orixe e a calidade do produto.

Existe unha demanda clara de produto local, xa que a maior demanda de produtos locais nos mercados dáse por parte das persoas que manifestan ter dificultades de acceso aos mesmos.

Existe unha declaración de sentimento de identidade comarcal por enriba das identidades municipais, autonómicas ou estatais. Ademais, esta identidade asocia beneficios de saúde, xeración de emprego e calidade á produción local de alimentación.

O coñecemento de persoas produtoras locais é fundamental, pois establece relacións de confianza.



## **ÁMBITOS DE ACTUACIÓN, MEDIDAS E ACCIONES**

A Estratexia Alimentaria Eo Alimenta consiste nunha proposta estratéxica de medidas e accións pensadas para ser desenvolvidas no curto, medio e longo prazo a fin de alcanzar o obxectivo da estratexia. Estas accións aparecen redactadas dentro de medidas máis amplas, que á súa vez enmárcanse dentro de catro grandes ámbitos de actuación. A continuación preséntase un cadro resumo das medidas que comprende cada un dos catro ámbitos de actuación da estratexia.

	<b>ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E MEDIDAS</b>	<b>Nº accións</b>
<b>1</b>	<b>Fomento da produción agroecolóxica.</b>	<b>13</b>
<b>1.1</b>	Incorporación de novas persoas produtoras.	5
<b>1.2</b>	<b>Articulación, fortalecemento e promoción dos proxectos de produción agroecolóxica.</b>	3
<b>1.3</b>	Incremento da diversidade xenética.	3
<b>1.4</b>	Transferencia de coñecemento e colaboración con outros territorios en materia de iniciativas e políticas agroalimentarias locais.	2
<b>1.5</b>	Plan formativo para a agroecoloxía.	3
<b>2</b>	<b>Consumo de proximidade.</b>	<b>9</b>
<b>2.1</b>	Creación da marca Eo Alimenta.	2
<b>2.2</b>	Dinamización das canles curtas de comercialización.	3
<b>2.3</b>	Alimentos sustentables para grandes comedores.	2
<b>2.4</b>	Impulso da distribución e o reparto de proximidade.	2
<b>3</b>	<b>Cultura da alimentación saudable e sustentable.</b>	<b>7</b>
<b>3.1</b>	Sensibilización para avanzar cara unha alimentación sa e sustentable.	4
<b>3.2</b>	Ferramentas e alternativas para un mellor acceso á alimentación sa e sustentable.	3
<b>4</b>	<b>Gobernanza participativa.</b>	<b>5</b>
<b>4.1</b>	Goberno participativo a través dun Consello Alimentario.	2
<b>4.2</b>	Coordinación entre distintas escalas territoriais e da administración.	3

## FOMENTO DA PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA

Este ámbito de actuación inclúe unha serie de medidas dirixidas principalmente a facilitar o acceso á terra a aquelas persoas e proxectos que desexen levar a cabo unha produción agraria sustentable, así como a acompañar a proxectos produtivos na transición cara formas de manexo máis sustentable e a facilitar a incorporación á actividade agraria de novos proxectos emprendedores. Inclúe tamén medidas dirixidas a impulsar a cooperación e o traballo en rede como estratexias de fortalecemento e consolidación dos proxectos de produción agroecolóxica.

### MEDIDA 1.1

### INCORPORACIÓN DE NOVAS PERSOAS PRODUTORAS

É necesario determinar as barreiras de entrada para novas persoas produtoras e procurar solucións adaptadas á realidade territorial, que teñan en conta o perfil das persoas propietarias de terra, os tipos de uso do solo que se dan, a percepción social da poboación local en torno á alimentación sustentable, así como calquera outro tipo de contexto ou problemática específica que se dea no territorio. Todo iso co fin de aumentar a cantidade de terra adicada á produción sustentable, xerar riqueza social, ambiental e económica no territorio, facer atractivo para a mocidade adicarse ao sector primario, así como facilitar que produtores e produtoras convencionais poidan incorporarse á produción agroecolóxica.

### ACCÍONS

**1.1.1. Mellorar o acceso á terra e dinamizar a mobilidade de terras,** especialmente para aquelas iniciativas produtivas creadas baixo o prisma da produción agroecolóxica para a comercialización local, e promover o acceso prioritario a terras de cultivo para mulleres, xente nova e grupos sociais en desvantaxe social.

**1.1.2. Levar a cabo estudos de mercado sobre a viabilidade de novos proxectos emprendedores vinculados á agroecoloxía.** Elaboración de análises de viabilidade empresarial no sector agroalimentario e nos diferentes subsectores dentro do mesmo, co obxectivo de ofrecer información sobre gastos de constitución e posta en marcha, requerimentos de inversións necesarias, estratexias, infraestruturas e canles de comercialización existentes, datos medios das iniciativas empresariais consolidadas no territorio, etc.

**1.1.3. Promover as actividades en rede e a intercooperación como estratexias para o acompañamento e a incorporación das novas persoas produtoras** -tanto se teñen vínculo agrario previo como se non o teñen- **nas dinámicas do territorio** ofrecendo espazos de aprendizaxe, coñecemento mutuo e colaboración entre novas iniciativas agroecolóxicas e iniciativas agroecolóxicas xa consolidadas no territorio.

**1.1.4. Desenvolver accións con perspectiva xénero** (realización de xornadas, visibilización de mulleres produtoras, etc.) que teñan en conta a situación de inequidade que sofren as persoas socializadas como mulleres fronte aos homes en relación ao sistema alimentario (maior tempo de traballo non remunerado das mulleres, maior incidencia de trastornos sociosanitarios relacionados coa alimentación, etc.) e que contribúan a formular mecanismos para superar ditas fendas e facer atractivo o sector agroalimentario para mulleres novas.

**1.1.5. Crear espazos clave informativos** nos que se favoreza a incorporación profesional de novas persoas á agricultura agroecolóxica a través do acompañamento e asesoramento técnico a iniciativas produtivas, da execución de campañas que incentiven a conversión de produtores e produtoras convencionais cara o sistema agroecolóxico, e da elaboración dunha guía de benvinda e apoio a novas persoas emprendedoras no eido agroecolóxico.

### Axentes corresponsables

Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, grupos de consumo, Concellos, centros formativos, cámaras agrarias, sindicatos agrarios, tecido asociativo, oficinas comarcais de servizos agrarios, escolas de hostalaría (Foz e Tapia).

### Indicadores

Nº de accións formativas e de asesoramento técnico / Nº de persoas formadas ou asesoradas / Nº de persoas inseridas laboralmente / Guía elaborada / Nº de conversións de persoas produtoras convencionais a ecolóxico / Nº de actuacións de divulgación / Nº de materiais informativos distribuídos / Creación de rede de apoio á mocidade / Creación de puntos informativos / Nº de persoas atendidas nos puntos informativos / Nº de accións con perspectiva de xénero.

## MEDIDA 1.2

## ARTICULACIÓN, FORTALECIMENTO E PROMOCIÓN DOS PROXECTOS DE PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA

Baixo a necesidade do fortalecemento das capacidades técnicas, operativas e estratéxicas dos proxectos de produción agroecolóxica, cómpre impulsar accións que melloren a súa competitividade e posicionamento, que fortalezan as fórmulas estables de cooperación socioempresarial a través do reforzamento dos procesos de articulación por parte das iniciativas xa existentes e, en definitiva, que favorezan a consolidación das iniciativas agroecolóxicas alcanzando mellores economías de escala, ampliando a oferta de bens e servizos e mellorando a cadea de valor a través da cooperación, o intercambio de coñecemento e a diversificación sectorial dos proxectos de produción agroecolóxica.

## ACCIÓNS

**1.2.1. Identificar, contactar e poñer en contacto aos proxectos agrocolóxicos produtivos** -ou en transición cara este tipo de modelos- da bacía alimentar do río Eo de cara á conformación dunha rede de persoas produtoras que estreite os vínculos entre produtoras/es, facilite a xestión da produción e comercialización de cada un dos proxectos, contribúa a xerar unha maior capacidade de decisión e forza negociadora, xere un maior fluxo de información e coñecemento, e dinamice o xurdimento de proxectos conxuntos.

**1.2.2. Levar a cabo unha estratexia de visibilización e promoción da produción agrocolóxica local** a través da difusión dos proxectos agrocolóxicos existentes no territorio, da divulgación dos valores, beneficios e potenciais da produción agrocolóxica e da organización de xornadas formativas no marco da sensibilización agrocolóxica.

**1.2.3. Impulsar e apoiar a creación de infraestrutura de transformación** (un centro de acopio ou obrador compartido) que facilite as esixencias sanitarias ás persoas produtoras e impulse dinámicas de intercooperación mediante unha gobernanza cooperativa.

### Axentes corresponsables

Membros dos proxectos produtivos, persoas formadoras especializadas en diversos ámbitos do sector agrocolóxico (investigación, produción, consumo, distribución), COPAE, CRAEGA, SERIDA, Universidade, Concellos, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, produtoras/es agrocolóxicas/os doutras comarcas e comunidades, empresas de distribución no ámbito agrocolóxico, grupos de consumo, AMPAs, sector da restauración, comedores colectivos, tecido asociativo, redes de economía social e solidaria (REAS Galicia, Reas Asturias, Coop57).

### Indicadores

Constitución do grupo de traballo / N<sup>o</sup> de proxectos participantes no grupo / N<sup>o</sup> de accións (reunións/eventos) levadas a cabo nos primeiros seis meses dende a posta en marcha do grupo / Aprobación dun modelo de funcionamento do grupo / Elaboración de FAFO do sector produtivo en ecolóxico da bacía do río Eo.

A conservación das variedades tradicionais, levada a cabo a través do tempo polo campesiñado e a agricultura familiar, establécese como un imperativo non só en relación á súa trascendencia como reserva xenética para o desenvolvemento de novas variedades comerciais, senón tamén como alternativa de cultivo fronte ás variedades comerciais e como garante da seguridade alimentaria -debido ás súas características de adaptación, resistencia a enfermidades, calidade organoléptica- e dunha nutrición axeitada para a poboación.

## ACCIONES

**1.3.1. Elaborar un estudo** dirixido a recuperar e mellorar a calidade e a dispoñibilidade das variedades de **cultivos locais e tradicionais**.

**1.3. 2. Identificar cultivos de interese** nos que haxa demanda e nos que se dea unha carencia a nivel local, co fin de elaborar unha análise sobre a viabilidade e as oportunidades vinculadas á posta en marcha de novos cultivos no territorio vinculado á bacía alimentar do río Eo.

**1.3.3. Crear nodos locais** da Rede Galega de Sementes (Galicia) e da Rede de Sementes Biltar (Asturies).

### Axentes corresponsables

Servizo Rexional de Investigación e Desenvolvemento Agroalimentario (SERIDA), Centro de Investigacións Agrarias Mabegondo (CIAM), Centro Agroforestal Pedro Murias, Rede Galega de Sementes, Rede de Sementes Biltar.

### Indicadores

Constitución dos nodos locais / N<sup>o</sup> de encontros das redes de intercambios de sementes / N<sup>o</sup> de postos nos mercados / N<sup>o</sup> de sementes recuperadas da zona / Elaboración e publicación de estudos.

## MEDIDA 1.4

## TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E COLABORACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS EN MATERIA DE INICIATIVAS E POLÍTICAS AGROALIMENTARIAS LOCAIS

A Estratexia Alimentaria Eo Alimenta é pioneira en tanto é a primeira estratexia alimentaria participativa a nivel interautonómica no estado español. Porén, é unha estratexia participativa que comparte inquiredanzas, procesos e formas de facer con outros procesos que se teñen desenvolvido no estado. Neste senso, cómpre tecer lugares de encontro e intercambio onde promover a busca de socios a diferentes niveles para a colaboración en materia de iniciativas e políticas agroalimentarias locais.

### ACCIONES

**1.4.1. Elaborar,** a través da colaboración con entes de investigación, **estudios e recompilacións bibliográfica sobre boas prácticas e experiencias innovadoras levadas a cabo noutros territorios no marco de procesos participativos e estratexias agroalimentarias,** co obxectivo de xerar procesos de transferencia de coñecemento e de analizar a viabilidade da súa replicabilidade no territorio vinculado á bacía alimentar do río Eo.

**1.4.2. Identificar, mapear e avaliar experiencias e proxectos pilotos locais** co fin de transformar as boas prácticas en programas e políticas públicas así como de dalas a coñecer en diferentes espazos vinculados á agroecoloxía e a alimentación saudable e sustentable.

### Axentes corresponsables

Concellos, institutos de estudos locais, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, sindicatos agrarios, organizacións de produtores/as locais.

### Indicadores

Nº de xornadas demostrativas de proxectos exitosos de entidades locais para o impulso da alimentación sustentable / Elaboración de documento de análise sobre as posibilidades de transferibilidade das boas prácticas seleccionadas / Elaboración de mapeo de proxectos piloto locais.



Cómpre ampliar e mellorar os coñecementos e a formación agroecolóxica das persoas produtoras no territorio que abrangue a bacía do río Eo, co obxectivo de impulsar a profesionalización da actividade e a produción agroecolóxicas, así como de mellorar as situacións dos proxectos produtivos en crise. Para esta fin, explorarase a sinatura de convenios con entidades públicas xa existentes que poidan ofrecer accións e programas formativos adaptados ás necesidades das persoas produtoras, así como formación dirixida á incorporación de novas persoas á actividade agroecolóxica.

## ACCIONES

**1.5.1. Diseñar e executar accións formativas** a través de formatos atractivos dirixidos a diferentes públicos: pímulas formativas, micro vídeos, cursos formativos, publicacións en redes sociais ou realización de visitas formativas a granxas e proxectos agroecolóxicos demostrativos que sirvan de inspiración e poidan representar un apoio para as persoas que inician unha actividade agrícola ou gandeira.

**1.5.2. Colaborar cos centros de formación agraria e co eido universitario co fin de incorporar no currículo educativo contidos formativos relacionados coa agroecoloxía e a alimentación sustentable.**

**1.5.3. Impulsar espazos, programas e proxectos formativos dirixidos á transformación innovadora das producións locais de xeito viable, así como a fomentar a recuperación, a preservación e o intercambio de saberes a nivel interxeracional.**

## Axentes corresponsables

Servizo Rexional de Investigación e Desenvolvemento Agroalimentario (SERIDA), Centro de Investigacións Agrarias Mabegondo (CIAM), Centro Agroforestal Pedro Murias, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Oviedo, persoas produtoras, Concellos, tecido asociativo, iniciativas de dinamización comunitaria.

## Indicadores

Nº de accións formativas levadas a cabo / Nº de acordos asinados con entidades formativas / Nº de persoas participantes nas accións formativas / Nº de visitas realizadas a proxectos agroecolóxicos / Nº de persoas participantes nas visitas realizadas / Nº de proxectos produtivos locais que introducen transformacións innovadoras.

## CONSUMO DE PROXIMIDADE

Este ámbito de actuación inclúe medidas adicadas principalmente a mellorar a distribución e comercialización dos produtos locais no territorio, así como a impulsar o consumo de alimentos de proximidade por parte dos diferentes axentes locais: administracións públicas, empresas e organizacións sociais, cidadanía, etc.

### MEDIDA 2.1

### CREACIÓN DA MARCA EO ALIMENTA

Unha das vías para poder garantir a orixe e calidade dos produtos son as marcas de orixe, un instrumento para poder identificar e poñer en valor as especificidades produtivas territoriais. Neste senso plantéxase a creación dunha representación gráfica vinculada á Estratexia Participativa Eo Alimenta, que poida ser empregada como marca por produtoras/es e por comercio detallista e que permita, por unha banda, distinguir no mercado os produtos dos proxectos produtivos agroecolóxicos do territorio e, por outra banda, acadar unha percepción social de calidade, co obxectivo de que a poboación local asocie produción local con calidade.

### ACCIÓNS

**2.1.1. Levar a cabo as accións necesarias** (registro de marca, elaboración de distintivo gráfico, aplicación de marca, etc.) **para a conformación da marca Eo Alimenta** e para **explorar as posibilidades de vincular a marca Eo Alimenta con outras marcas comerciais** existentes vinculadas ao territorio (Reservas da Biosfera).

**2.1.2. Diseñar e implementar accións comunicativas** que **divulguen, reforcen e consoliden entre a poboación xeral e todos os seus axentes** (centros escolares, comercio detallista, sector hostaleiro, administracións públicas, etc.) **a imaxe Eo Alimenta** como marca asociada a produtos sans, locais, de calidade e comprometidos co medio ambiente: elaboración de materiais audiovisuais de promoción, creación dunha Guía de Produtoras/es Sustentables, creación de merchandising sustentable a disposición de tendas, proxectos produtivos do territorio e público en xeral, propoñer espazos de venda diferenciados dentro do pequeno comercio, conversión da páxina web da Estratexia Participativa Alimentaria Eo Alimenta nun espazo referencial de información e venda online sobre a produción sustentable da bacía do río Eo, etc.

### Axentes responsables

Concellos, administracións autonómicas, Consello Alimentario ou entidade asociativa que se cree, produtores e produtoras locais, grandes comedores, Universidade de Santiago de Compostela, Reservas da Biosfera do territorio, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local.

## Indicadores

Nº de produtores/as adheridos á marca / Nº de campañas promocionais / Nº de tendas que visualizan o seu apoio / Percepción social positiva cara a marca / Nº de veces que usan a marca as entidades locais / Nº de visualizacións do material audiovisual creado / Cantidade de merchandising distribuído / Nº de visitas na páxina web / Volume de vendas a través da páxina web.

## MEDIDA 2.2

## DINAMIZACIÓN DAS CANLES CURTAS DE COMERCIALIZACIÓN

De cara a mellorar os sistemas de provisión e distribución de alimentos agroecolóxicos locais, resulta chave articular a cadea alimentaria local a través de redes e infraestruturas -primando o aproveitamento das infraestruturas xa existentes no territorio e fortalecendo as redes xa operativas- que axuden a optimizar a comercialización de proximidade e a articular e coordinar produción, distribución e consumo mediante canles curtas de comercialización.

## ACCÍONS

**2.2.1. Dinamizar as canles curtas de comercialización** mediante a organización de mercados de proximidade nos diferentes concellos pertencentes á bacía alimentar do río Eo e a través da participación en mercados e feiras locais xa existentes dos produtos agroecolóxicos locais.

**2.2.2. Fomentar a presenza de produtos locais, agroecolóxicos e de agricultura familiar nas infraestruturas municipais de distribución** (prazas de abastos, mercados municipais, etc.), facilitando o acceso ás mesmas a través de accións como a creación de puntos de venda colectivos nos que se poña en valor e se diferencie a alimentación de proximidade.

**2.2.3. Dinamizar**, a través de accións informativas e divulgativas, **a conformación de grupos de consumo** vinculados tanto a colectivos organizados do territorio (clubs deportivos, asociacións xuvenís, asociacións de mulleres, ANPAS, etc.) como a grupos de poboación local que visitan o territorio puntualmente (fins de semana, períodos festivos, etc.).

## Axentes corresponsables

Asociacións de produtores e produtoras, Concellos, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, administracións autonómicas, asociacións de comerciantes, prazas de abastos, mercados municipais, asociacións locais (clubs deportivos, asociacións xuvenís, asociacións de mulleres, ANPAS), proxectos produtivos.

## Indicadores

Nº de produtores/as locais presentes nos mercados municipais e prazas de abastos / Creación dun punto de venda colectivo / Nº de eventos organizados de venda de produtos locais / Nº de grupos de consumo creados / Nº de persoas participantes nos grupos de consumo / Nº de accións de divulgación sobre grupos de consumo levadas a cabo / Nº de provedores dos grupos de consumo / Volumen de venda movilizado polos grupos de consumo.

### MEDIDA 2.3

### ALIMENTOS SUSTENTABLES PARA GRANDES COMEDORES

Os grandes axentes sociais (administracións públicas, grandes empresas, grandes organizacións sociais, etc.) contan cunha gran capacidade de transformación a través do tipo de empresas que contratan para dar resposta ás necesidades de bens e servizos que teñen. A Contratación Pública Responsable, no caso das administracións locais, e a Responsabilidade Social Corporativa, no caso das empresas, representan ferramentas útiles para impulsar a alimentación sustentable, sa, de calidade e comprometida co territorio e as súas persoas produtoras.

### ACCIONES

**2.3.1. Promover a compra pública responsable e innovadora de alimentos ecolóxicos, de tempada e de proximidade por parte das administracións públicas.**

**2.3.2. Levar a cabo,** no seo empresarial e das organizacións sociais do territorio, **accións divulgativas sobre a capacidade da responsabilidade social corporativa** para contribuir ao desenvolvemento local a través do apoio ao sector agroecolóxico local mediante a provisión de alimentos agroecolóxicos locais nos seus comedores.

### Axentes corresponsables

Concellos, Deputación de Lugo, Gobierno de Asturias, Xunta de Galicia, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, organizacións empresariais.

## Indicadores

Nº de entidades e organizacións (colexios, institutos, residencias de persoas maiores, centros de saúde, hospitais, centros de día) que incrementan a compra alimentaria de proximidade. / Nº de accións divulgativas levadas a cabo en relación á compra pública sustentable e a responsabilidade social corporativa.

Os proxectos agroecolóxicos ofrecen unha alternativa alimentaria sustentable, pero destinan moitos recursos a unha loxística que compromete gran parte do seu tempo e que en moitas ocasións non resulta eficaz. Articular a cadea alimentaria local a través de redes e infraestruturas pode contribuir a optimizar dito sistema, así como a fortalecer a sostibilidade da cadea alimentaria local -favorecendo o reparto equilibrado do valor e promovendo o emprego local de calidade- e promover a cooperación entre persoas produtoras e axentes da cadea de distribución local como o pequeno comercio ou a restauración colectiva.

## ACCIONES

**2.4.1.** Impulsar, por parte da administración local, medidas e accións de cara a **promover infraestruturas loxísticas** orientadas ao almacenaxe, a comercialización e o reparto de alimentos de proximidade.

**2.4.2. Promover novos modelos no sector da loxística e a distribución,** a través de sistemas e tecnoloxías capaces de mellorar a eficiencia na xestión dos circuitos cortos de distribución de alimentos, como pode ser a creación da figura de repartidor/a profesional ou o reparto de produtos de alimentación agroecolóxica local a través de canles de reparto xa existentes como as das panadarías ou as peixerías locais.

### Axentes corresponsables

Asociacións de persoas produtoras, Concellos, Deputación de Lugo, Goberno del Principado de Asturias, Xunta de Galicia, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, organizacións empresariais, sector da distribución.

### Indicadores

Elaboración de estudo da viabilidade de impulsar novos sistemas de reparto / N° de locais de reparto de alimentos sustentables / N° de repartidores profesionalizados / N° de persoas que mercan produtos agroecolóxicos locais de alimentación a través dos novos sistemas de reparto creados.

## CULTURA DA ALIMENTACIÓN SAUDABLE E SUSTENTABLE

Neste ámbito de actuación inclúense medidas que contribúan a aumentar a conciencia da poboación en torno ás aportacións que a alimentación agroecolóxica a base de produtos locais ten na saúde, no territorio e no tecido produtivo local. Con este obxectivo, propóñense distintas accións centradas na sensibilización e a comunicación como vías para achegar a alimentación agroecolóxica aos diferentes axentes e perfís presentes na sociedade.

### MEDIDA 3.1

### SENSIBILIZACIÓN PARA AVANZAR CARA UNHA ALIMENTACIÓN SUSTENTABLE E SAUDABLE

A Estratexia Alimentaria Participativa Eo Alimenta está vinculada claramente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS 2030) das Nacións Unidas, en tanto supón un esforzo por mitigar o uso de enerxías fósiles e artellar un ecosistema alimentario local máis maduro. Resulta fundamental avanzar cara unha maior sensibilización por parte do conxunto da sociedade en relación aos beneficios dunha alimentación sustentable, saudable de proximidade. Non só co obxectivo de aumentar a conciencia sobre a responsabilidade individual que as persoas teñen sobre a forma na que consumen, senón tamén co obxectivo de que a poboación adquira conciencia sobre a necesidade de que todos os axentes da sociedade se corresponsabilicen na creación dun sistema alimentario máis xusto e sustentable. Poñer de relevo a importancia da produción e o consumo sustentables de alimentos é esencial de cara a conseguir conciliar alimentación e respecto ao medio ambiente, a diminuír a pegada ecolóxica e a dependencia de combustibles fósiles e a xerar modelos de desenvolvemento rural sustentables. Para todo isto, cómpre facer un esforzo importante en materia de comunicación, sensibilización e formación en materia de produción e consumo de alimentos locais e de tempada, conseguindo que a poboación se achegue á actividade agrogandeira e se empodere como axente transformador no camiño cara unha alimentación sustentable.

### ACCIÓNS

**3.1.1. Desenvolver programas de sensibilización e educación dirixidos particularmente aos centros educativos e de promoción da saúde:** charlas nutricionais e sobre hábitos de consumo, visitas e xogos infantís nos mercados, elaboración de materiais didácticos sobre a alimentación saudable, concursos educativos de debuxo con premios de produtos locais, visitas escolares a iniciativas agroecolóxicas de referencia, etc.

**3.1.2. Ofrecer accións formativas e propostas de ocio co obxectivo de facer atractiva ao conxunto da sociedade a alimentación sustentable e saudable:** desen-

volveremento de obradoiros de cociña sustentable, deseño de recetas elaboradas con produtos locais de tempada, organización de showcookings nos mercados locais, etc.

**3.1.3. Organización de eventos periódicos que axuden a difundir os valores e beneficios da alimentación sustentable e saudable a través de actividades artísticas e divulgativas** atractivas para todos os públicos: organización dun Festival pola Alimentación Sustentable, organización de eventos artísticos (murais, obras de teatro), etc.

**3.1.4. Desenvolvemento de accións de sensibilización e concienciación en estreita colaboración cos sectores e axentes implicados:** accións lúdicas e comerciais en colaboración co sector da hostalaría (elaboración de folletos informativos sobre a oferta de menús e produtos locais de tempada, organización de concursos de tapas con produtos locais, elaboración de Menús do Camiño de Santiago creados con produtos locais de temporada, etc.), traballo co sector dos medios de comunicación (campañas comunicativas con influencers, acordos de colaboración con medios de comunicación para a publicación de contidos, etc.), accións conxuntas con outros axentes prescriptores do territorio (persoal sanitario, sector dietista, axentes vinculados á saúde, etc.).

### Axentes corresponsables

Tecido asociativo, centros educativos, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, Reservas da Biosfera do territorio, albergues do Camiño de Santiago, medios de comunicación, sector hostaleiro, colectivos artísticos, asociacións ecoloxistas, sector dietista, asociacións de comerciantes, asociacións de persoas consumidoras, Concellos.

### Indicadores

Nº de encontros realizados por persoal prescriptor / Nº de persoas asistente ao festival de alimentación sustentable / Nº de accións realizadas polo sector hostaleiro en relación coa alimentación local e de tempada / Nº de menús de proximidade vendidos / Nº de persoas participantes no concurso de tapas / Nº de accións artísticas levadas a cabo en relación coa alimentación agroecolóxica / Nº de accións comunicativas executadas / Nº de accións de sensibilización levadas a cabo / Nº de flyers distribuídos / Variación positiva da percepción social sobre a alimentación agroecolóxica.

O sistema agroalimentario industrial está vinculado, entre outras cousas, coa aparición e a transmisión de pandemias como a que atravesamos na actualidade: o 31% dos brotes de enfermidades emerxentes está relacionado coa invasión humana e a deforestación, fenómenos asociados maioritariamente á expansión agrícola. A Organización Mundial da Saúde define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente como a ausencia de afeccións ou enfermidades, incluíndo a alimentación adecuada coma requisito para que unha poboación poida contar con saúde. Avanzar cara sistemas alimentarios locais, respectuosos co medio ambiente, sustentables, inclusivos, resilientes, seguros e diversificados contribuirá a asegurar o acceso a unha alimentación sa para o conxunto da poboación local. Para isto, é necesario vincular saúde con alimentación sustentable e saudable, así como visibilizar os problemas e costes asociados ao modelo predominante de alimentación, poñendo a disposición da sociedade ferramentas e espazos para a transformación do sistema convencional de alimentación, para a visibilización e o recoñecemento das alternativas existentes e para un maior acceso á alimentación sa e sustentable.

## ACCIONES

**3.2.1.** Levar a cabo unha **recompilación bibliográfica** sobre publicacións e estudos que aborden a relación entre saúde e alimentación de proximidade, así como impulsar **estudos e xornadas que analicen a relación entre produción sustentable e saúde**.

**3.2.2. Adherirse á Rede polo Decrecemento**, formada por diversos axentes -organizacións sociais e ecoloxistas, administracións locais, sector agrogandeiro, movemento por un consumo responsable- e adicada a xerar coñecemento e afondar en torno a cuestións como o pico do petróleo ou a soberanía alimentaria.

**3.2.3. Facilitar ferramentas de autodiagnose de balance social**, que poidan servir ás persoas produtoras para visibilizar as súas prácticas e valores e ás persoas consumidoras como ferramenta de transparencia a través da que poder coñecer os modelos de traballo e organización dos proxectos produtivos nos que dita cidadanía consume.

### Axentes corresponsables

Dietistas, centros médicos (públicos e privados), universidade, OPis, naturópatas, axentes vinculados á saúde, sector da restauración, influencers.

### Indicadores

Adhesión á Rede polo Decrecemento / Desenvolvemento da recompilación bibliográfica / N° total de accións organizadas en torno á relación entre alimentación e saúde / N° de persoas asistentes.



## GOBERNANZA PARTICIPATIVA

Este último ámbito de actuación aborda as medidas necesarias para poder garantir que a execución desta estratexia será realizada dun xeito que se permita a voz e a participación de todos os axentes da sociedade implicados no sistema alimentario local á vez que se establece unha coordinación eficaz das diferentes medidas e accións presentes neste documento.

### MEDIDA 4.1

### GOBERNO PARTICIPATIVO A TRAVÉS DUN CONSELLO ALIMENTARIO

En coherencia coa perspectiva participativa desta estratexia, é necesaria unha arquitectura de gobernanza alimentaria que sexa tamén participada. Para tal fin, constituirase o Consello Alimentario do Eo como órgano consultivo e de participación sectorial do territorio que terá como obxectivo promover un sistema agroalimentario local máis sustentable, saudable e xusto a través das seguintes funcións: impulsar, apoiar e velar polo progresivo desenvolvemento dos compromisos adquiridos nesta Estratexia Alimentaria Participativa, facilitar a coordinación entre os diferentes axentes para o desenvolvemento de políticas públicas vinculadas á alimentación sustentable e saudable, e fomentar a participación, o intercambio de información e a xeración de propostas por parte dos diversos axentes sociais e económicos do territorio que traballan a prol dunha alimentación sustentable e saudable. En definitiva, que sirva de engranaxe da comunidade, facilitando o tecemento de redes e mecanismos de interacción, información e sinerxias entre os diferentes axentes do territorio de cara a garantir o dereito á alimentación de toda a poboación en sintonía coas propostas da agroecoloxía e a soberanía alimentaria.

### ACCIONES

**4.1.1. Constituir un Consello Alimentario** que exerza de órgano de consulta, asesoramento e supervisión da política alimentaria municipal, e no que se incorporen mecanismos e espazos de participación de diferente natureza (sectoriais, transversais, temáticos) que garantan unha representación equilibrada.

**4.1.2. Establecer mecanismos de gobernanza** que permitan levar a cabo procesos de boa gobernanza que faciliten a representación equilibrada e a participación efectiva dos diferentes axentes presentes nos procesos e órganos de gobernanza. Isto farase a través de accións como a creación dun Regulamento Participativo, dun Plan de facilitación e cohesión grupal ou a determinación de mecanismos de rendición de contas anual.

## Axentes corresponsables

Concellos, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, Universidades, tecido asociativo, cidadanía, organizacións sindicais, sector produtivo, pequeno comercio, sector da distribución.

## Indicadores

Constitución do Consello Alimentario / Creación de grupos de traballo / Nº de reunións dos grupos de traballo / Nº de sesións realizadas sobre facilitación e cohesión grupal / Creación do Regulamento Participativo / Creación dun plan de Facilitación Grupal.

### MEDIDA 4.2

### COORDINACIÓN ENTRE DISTINTAS ESCALAS TERRITORIAIS E DA ADMINISTRACIÓN

Para a correcta e eficaz implementación das diferentes medidas e accións contempladas na Estratexia Alimentaria Participativa Eo Alimenta, cómpre contar cunha entidade con capacidade técnica para a coordinación operativa de todas as accións que se desenvolvan no marco desta estratexia. Neste senso, cómpre que se analice de forma axeitada as posibles entidades xurídicas con capacidade para coordinar a execución das accións presentes na estratexia alimentaria. Cómpre igualmente tecer lugares de encontro e intercambio onde promover a busca de socios a diferentes niveles para a colaboración en materia de iniciativas e políticas agroalimentarias locais.

### ACCIÓN

**4.2.1. Explorar as distintas entidades xurídicas con capacidade técnica e organizativa para poder exercer como entidade coordinadora** das diferentes accións que se desenvolvan no marco desta estratexia.

**4.2.2. Estudar a posibilidade de establecer unha vinculación formal entre a Reserva da Biosfera Oscos-Eo e a Estratexia Alimentaria Participativa EoAlimenta**, así como levar a cabo unha análise das sinerxias e beneficios mutuos que dita vinculación ofrecería para ambas partes.

**4.2.3. Impulsar redes con outros territorios** para o intercambio de coñecementos e experiencias e a colaboración en materia de políticas agroalimentarias sustentables. Incorporación á Rede de Municipios por la Agroecoloxía e á Red Terrae.

## Axentes corresponsables

Concellos, InterEo, Fundación EDES, Grupos de Desenvolvemento Rural, Axentes de Desenvolvemento Local, Red Terrae, Red Municipios por La Agroecología.

## Indicadores

Nº de reunións realizadas neste sentido / Consecución de entidade que execute as accións e responda a unha gobernanza cooperativa / Nº de concellos adheridos ao Pacto de Milán / Nº de concellos adheridos á Red de Municipios por La Agroecología e á Red Terrae.



# CALENDARIZACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A vontade do presente documento é transformadora, feito que explica a ambición das súas propostas. Ao mesmo tempo, esta estratexia pretende coidar a xeración de expectativas, consciente dos riscos que toda estratexia leva implícitos de poder converterse nunha mera declaración de intencións. Cabe pois establecer sistemas de seguemento e avaliación que permitan ir tendo unha perspectiva do grao de implementación das medidas e do nivel de cumprimento da estratexia. A medición e avaliación do proxecto é un exercicio constante que se debe ir determinando a través de diferentes espazos de traballo, coordinación e toma de decisións, de xeito que se garanta a pluralidade e a rendición de contas extensa.

O proceso de seguemento dará comezo unha vez aprobada a Estratexia Alimentaria Eo Alimenta nos plenos dos diferentes concellos do territorio que abrangue a bacía alimentar do río Eo, e partirá tanto das prioridades de implementación establecidas neste documento como dos indicadores de avaliación de proceso, resultado e impacto comprendidas nas diferentes medidas que conforman a estratexia, de xeito coherente cos obxectivos xerais plantexados. Todo iso, desagregando datos e levando a cabo análises con perspectiva de xénero.

En base aos indicadores definidos neste documento, avaliarase e revisarase a estratexia cada dous anos por parte dunha entidade externa e baixo a supervisión do Consello Alimentario, que será o órgano que en último termo emitirá a avaliación da estratexia baseándose no informe presentado pola equipa técnica encargada da avaliación. Asimesmo, a estratexia será avaliada de xeito máis profundo no momento da súa finalización, no horizonte de 2026.

## PRIORIZACIÓN DAS MEDIDAS DE CARA AO ESTABLECEMENTO DUN CALENDARIO

Dentro de cada un dos ámbitos de actuación, desagregados en medidas e accións, selecciónanse catro medidas consideradas medidas palanca, pola súa capacidade de impulso, durante o primeiro ano de implementación, sobre o resto de medidas contempladas na estratexia, cuxa implementación será impulsada progresivamente ao longo do periodo 2022-2026 tomando como referencia as prioridades establecidas na seguinte táboa.

**Lenda:** ■ Prioridade Alta | ■ Prioridade Media | ■ Prioridade Baixa

**1**

### FOMENTO DA PRODUCCIÓN ECOLÓXICA

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	Nº ACCIÓNS
Fomento da produción ecolóxica	1.1. Incorporación de novas persoas produtoras	1.1.1. Mellora do acceso á terra e dinamización da mobilidade de terras
		1.1.2. Realización de estudos de mercado sobre a viabilidade de novos proxectos emprendedores vinculados á agroecoloxía.
		1.1.3. Promoción das actividades en rede e da intercooperación como estratexias para o acompañamento e a incorporación das novas persoas produtoras no territorio
		1.1.4. Desenvolvemento de accións con perspectiva de xénero
		1.1.5. Creación de espazos clave informativos
	1.2. Articulación, fortalecemento e promoción dos proxectos de produción agroecolóxica	1.2.1. Conformación dunha rede de persoas produtoras
		1.2.2. Estratexia de visibilización e promoción da produción agroecolóxica local
		1.2.3. Impulso e creación de infraestrutura de transformación
	1.3. Incremento da diversidade xenética	1.3.1. Elaboración dun estudo para recuperar e mellorar a calidade e a dispoñibilidade das variedades de cultivos locais e tradicionais
		1.3.2. Análise sobre a viabilidade e as oportunidades vinculadas á posta en marcha de novos cultivos no territorio
1.3.3. Creación de nodos locais da Rede Galega de Sementes (Galicia) e da Rede de Sementes Biltar (Asturies)		

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	Nº ACCIÓNS
Fomento da produción ecolóxica	1.4 Transferencia de coñecemento e colaboración con outros territorios en materia de iniciativas e políticas agroalimentarias locais	1.4.1. Elaboración de estudos e recompilacións bibliográfica sobre boas prácticas e experiencias innovadoras levadas a cabo noutros territorios no marco de procesos participativos e estratexias agroalimentarias
		1.4.2. Identificación, mapeo e avaliación de experiencias e proxectos pilotos locais co fin de transformar as boas prácticas en programas e políticas públicas así como de dalas a coñecer
	1.5. Plan formativo para a agroecoloxía	1.5.1. Execución de accións formativas a través de formatos atractivos dirixidos a diferentes públicos
		1.5.2. Colaboración cos centros de formación agraria e co eido universitario co fin de incorporar no currículo educativo contidos formativos relacionados coa agroecoloxía e a alimentación sustentable
		1.5.3. Impulso de espazos, programas e proxectos formativos dirixidos á transformación innovadora das producións locais de xeito viable, así como a fomentar a recuperación, a preservación e o intercambio de saberes a nivel interxeracional

## 2

## CONSUMO DE PROXIMIDADE

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	Nº ACCIÓNS
Consumo de proximidade	2.1. Creación da marca EO ALIMENTA	2.1.1. Conformación da marca Eo Alimenta e exploración das posibilidades de vinculala a outras marcas comerciais existentes
		2.1.2. Divulgación e consolidación da marca Eo Alimenta entre o conxunto da poboación como marca asociada a produtos sans, locais, de calidade e comprometidos co medio ambiente
	2.2. Dinamización das canles curtas de comercialización	2.2.1. Dinamización das canles curtas de comercialización mediante a organización de mercados de proximidade
		2.2.2. Fomento da presenza de produtos locais, agroecolóxicos e de agricultura familiar nas infraestruturas municipais de distribución
		2.2.3. Dinamización e conformación de grupos de consumo

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	Nº ACCIÓNS
Consumo de proximidade	2.3. Alimentos sustentables para grandes comedores	2.3.1. Promover a compra pública responsable e innovadora de alimentos ecolóxicos, de tempada e de proximidade por parte das administracións públicas
		2.3.2. Promover a responsabilidades social corporativa como ferramenta empresarial para contribuir ao desenvolvemento local mediante a provisión de alimentos agroecolóxicos locais nos seus comedores
	2.4. Impulso da distribución e o reparto de proximidade	2.4.1. Promoción de infraestruturas loxísticas orientadas ao almacenaxe, a comercialización e o reparto de alimentos de proximidade
		2.4.2. Promoción de novos modelos no sector da loxística e a distribución

### 3

## CULTURA DA ALIMENTACIÓN SAUDABLE E SUSTENTABLE

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	Nº ACCIÓNS
Cultura da alimentación saudable e sustentable	3.1. Sensibilización para avanzar cara unha alimentación sustentable e saudable	3.1.1. Desenvolver programas de sensibilización e educación dirixidos particularmente aos centros educativos e de promoción da saúde
		3.1.2. Ofrecer accións formativas e propostas de ocio co obxectivo de facer atractiva ao conxunto da sociedade a alimentación sustentable e saudable
		3.1.3. Organización de eventos periódicos que axuden a difundir os valores e beneficios da alimentación sustentable e saudable a través de actividades artísticas e divulgativas
		3.1.4. Desenvolvemento de accións de sensibilización e concienciación en estreita colaboración cos sectores e axentes implicados
	3.2. Ferramentas e alternativas para un mellor acceso á alimentación sa e sustentable	3.2.1. Elaboración de estudos e xornadas que analicen a relación entre produción sustentable e saúde
		3.2.2. Adhesión á Rede polo Decremento
3.2.3. Facilitación de ferramentas de autodiagnose de balance social		



ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	MEDIDAS	Nº ACCIÓNS
Gobernanza participativa	4.1. Goberno participativo a través dun Consello Alimentario	4.1.1. Constitución dun Consello Alimentario
		4.1.2. Establecemento de mecanismos de gobernanza
	4.2. Coordinación entre distintas escalas territoriais e da administración	4.2.1. Valoración das distintas entidades xurídicas con capacidade técnica e organizativa para poder exercer como entidade coordinadora da Estratexia Alimentaria Participativa EoAlimenta
		4.2.2. Estudo da posibilidade de establecer unha vinculación formal entre a Reserva da Biosfera Oscos-Eo e a Estratexia Alimentaria Participativa EoAlimenta
		4.2.3. Impulso de redes con outros territorios. Incorporación á Rede de Municipios por la Agroecoloxía e á Red Terrae

- Baysse-Lainé, A. e Perrin, C. (2017). Les espaces agricoles des circuits de proximité : une lecture critique de la relocalisation de l'approvisionnement alimentaire de Millau. *Sciences Sociétés* 25, 1, 21-35.
- Bernstein, H. 2017. Political economy of agrarian change: some key concepts and questions. *RUDN Journal of Sociology* 17 (1): 7-18.
- Galzki, J.C., Mulla, D.J., Peters, C.J. Mapping the potential of local food capacity in Southeastern Minnesota. *Renewable Agriculture and Food Systems*: 30(4); 364-372.
- Gliessman, S.R. 2016. Transforming food systems with agroecology. *Agroecology and Sustainable Food Systems* 40(3): 187-189.
- González de Molina, M., P.F.Petersen, F. Garrido Peña and F.R. Caporal. 2019. Political Agroecology: Advancing the Transition to Sustainable Food Systems. Dordrecht: Springer.
- Guzmán, G.I., D. López-García, L. Román, and A.M. Alonso. 2013. Participatory Action Research in Agroecology: Building Local Organic Food Networks in Spain. *Journal of Sustainable Agriculture* 37(1): 127-146.
- Hanspach, J., Abson, D.J., Collier, N.F., Dorresteyn, I, Schultner, J and Joern Fischer, J. (2017). From trade-offs to synergies in food security and biodiversity conservation. *Front Ecol Environ* ; 15(9): 489-494.
- Kloppenburg, J., Hendrickson, J., & Stevenson, G. W. (1996). Coming in to the foodshed. *Agriculture and human values*, 13(3), 33-42.
- López-García, Daniel. 2020. Who is the subject of agroecological transitions? Local Agroecological 635 Dynamization and the plural subject of food systems transformation. *Landbauforschung-Journal of Sustainable and Organic Agricultural Systems* 70: 36-42.
- López-García, D., Ll. Benlloch Calvo, V. Calabuig Tormo, P. Carucci, I. Diez Torrijos, A. Herrero 645 Garcés, M. López Nicolás, J.M. Pérez Sánchez, and L. Vicente-Amazán. 2021b. Las transiciones hacia la sostenibilidad como procesos de final abierto: Dinamización Local Agroecológica con horticultores convencionales de l'Horta de València. *Boletín De La Asociación De Geógrafos Españoles* 88.
- McMichael, P., 2016. Regímenes alimentarios y cuestiones agrarias. Barcelona: Icaria.
- Watkiss, P., Schmith, A., Tweddle, G., & McKinnon, A. 2005. "The validity of food miles as an indicator of sustainable development". *Final report prepared by AEA Technology Environment for DEFRA, London*.
- Weber, C.L. and Matthews, H.S. (2008) Food-Miles and the Relative Climate Impacts of Food Choices in the United States. *Environmental Science & Technology*, 42, 3508-3513.
- Yacamán, C. e Mata Olmo, R. (2014). La gobernanza territorial y alimentaria como base para la protección y dinamización del espacio agrario periurbano. Estudio de caso del parque agrario de Fuenlabrada (comunidad de Madrid). *XVII Coloquio de Geografía Rural*, 275-288.
- Zumkehr, A. & Campbell, J.E. (2015). "The potential for local croplands to meet US food demand". *Frontiers in Ecology and the Environment*; 13(5): 244-248.



## LISTADO DE ENTIDADES E PERSOAS PARTICIPANTES NOS ESPAZOS DE DELIBERACIÓN E TOMA DE DECISIÓNS DO PROXECTO EO ALIMENTA

**Ana Suárez**, Xerente do CEDER Oscos-Eo

**Elena Martínez**, Xerente do GDR Terras de Miranda

**Jonathan Estraviz**

**Juyoung Gam**, produtora (La Huertina de Yan)

**Miguel Paz**, produtor (La Huertina de Yan)

Xulia Guiar, produtora

**Carmen Molejón**, consumidora

**Marta Méndez**, produtora (As Fadegas)

**Montse Laya**, produtora (As Fadegas)

**Xoel Xeada**, investigador

**Antón García**, de Fundación EDES

**María Celis**, de Finca El Cabillón (Fundación EDES)

**Luz Rossel**, produtora (Ribeiregas)

**Mónica Branco**, do Sindicato Labrego Galego

**Conchi Mogo**, do Sindicato Labrego Galego

**Iván Rodríguez**, do Sindicato Labrego Galego

**Lucas Requejo**, de PRATO\_DO

**Verónica Campos**, do Instituto de Facilitación y Cambio (IIFACe)

**Fernando Suárez Barcia**, Alcalde do Concello de Ribadeo

**Monica Barcia**, Técnica de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo

**César Mourelle**, Alcalde do Concello de Vega-deo

**Nines Domínguez**, do grupo de consumo As Grelas

**Patricia Pérez Leal**, de O Ferrado Marelo

**Julio César González**, produtor

**Alicia Méndez**, produtora

**Andrea González**, produtora (Miel Tu Colmena)

**Anabel Martínez**, produtora (A Horta de Sancoveiga)

**Sergio Martín**, produtor (Breogainas)

Breogán, produtor (Breogainas)

**Joaquín Cimadevilla**, da Asociación para el desarrollo del territorio interregional (InterEo)

**Jose**, da Federación de Personas Sordas del Principado de Asturias (FESOPRAS)

**María Angeles Romero**, da Cátedra do Pan e o Cereal da Universidade de Santiago de Compostela

**Lourenzo Fernández Prieto**, da Universidade de Santiago de Compostela

**Emilio Carral**, da Universidade de Santiago de Compostela

**Fran Quiroga**, da Universidade de Santiago de Compostela

**Adrián Gallero Moreiras**, da Universidade de Santiago de Compostela

**Dámaso Ratoeira**, concelleiro do Concello de Barreiros,

**Elvira Posada**, impulsora de Muiñeiras de Requiande

**Breogán**, produtor (Breogainas)

**Xulia Guiar**, produtora

**Galiza Quinteiro Rendo**, profesora

**Juanjo de Goya**, deseñador

**Aitxiber**, produtora (D'abella)

Agradecemento especial á Fundación Entretantos e á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, polo seu papel como referentes desta estratexia alimentaria.



[www.eoalimenta.org](http://www.eoalimenta.org)

[eoalimenta@usc.gal](mailto:eoalimenta@usc.gal)

